



Estabilidade laboral no emprego público: unha oferta real do Ministerio de Administracións Públicas ou máis propaganda?

Nestes días estamos visualizando unha campaña en todos os medios de comunicación, do Ministerio de Administracións Públicas, na que se anuncia que vai rematar coa precariedade laboral no sector público; **unha campaña sen ningunha proposta en firme.**

Para a CIG-SAÚDE a única proposta que cabe esperar do Goberno do Estado é:

A eliminación da taxa de reposición, para que cada servizo de saúde poida convocar procesos selectivos co 100% das prazas estruturais.

Unha negociación con **mecanismos transparentes de identificación de prazas**. Na que para identificar as prazas estruturais utilizemos o criterio do Estatuto Marco:

“Prazas nas que, para a súa cobertura, se realizaron máis de 2 nomeamentos por un período acumulado de 12 meses ou mais, nun período de 2 anos”.

Se isto non acontece, a temporalidade seguirá aumentando, e tamén medrará a fraude na contratación.

Ademais de eliminar a taxa de reposición, o Ministerio de Administracións Públicas, tamén ten que **respectar os ámbitos de negociación** que marca a lexislación:

Non queremos unha **OPE imposta desde un despacho de Madrid**, que non respecte o ámbito de negociación da mesa sectorial do SERGAS, allea á realidade da sanidade Galega, e **que non resolva nada.**

Non se necesitan nin campañas propagandísticas, nin acordos sindicais estatais, para que todo siga igual!

A eliminación da precariedade laboral tense que iniciar na contratación do persoal eventual.

Para isto, o ministerio debe incorporar na lexislación, tal e como recolle a xurisprudencia europea, un réxime sancionador para aqueles cargos públicos ou administracións que abusen da contratación temporal. Para que non se incumpra a lei, e se a incumpren haxa unha sanción contundente para quen o permita.

Rematar coa alta taxa de temporalidade e eliminar a precariedade laboral na contratación do persoal é posible, só se necesitan políticas activas que aposten por elo.

Desde a **CIG-Saúde** esiximos ao Goberno da Xunta de Galiza que, unha vez eliminada a taxa de reposición, negocie **planos de emprego co 100% das prazas estruturais**. Tense que comprometer a dotar con orzamento todas as prazas estruturais.

Desde **CIG-SAÚDE** imos defender o **dereito a unha sanidade pública de calidade cun cadro de persoal que dea resposta ás necesidades de saúde da poboación** de Galiza. E imos facelo **en todos os ámbitos de negociación** nos que participamos: ámbito estatal e galego.

Mobilízate! Defende o teu dereito a un posto de traballo estable e non precarizado!

